



Serie A N.º 2310448

SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADO O DIA 24 DE MAIO DE 2012



Na Casa do Concello de A Pobra de Trives, sendo as dezanove horas trinta minutos do día vinte e catro de maio de dous mil doce, previa convocatoria mediante Decreto nº 77/ 2012 de 18 de maio e coa Presidencia do Sr. Alcalde D. FRANCISCO JOSE FERNANDEZ BLANCO, xúntanse os/as Srs./Sras. Concelleiros/as D. DOMINGO DIÉGUEZ GONZÁLEZ; D^a MARTA M^a DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ; D^a M^a ISABEL GONZÁLEZ FANDIÑO; D. JUAN CARLOS DOMÍNGUEZ GÓMEZ e D. MANUEL JOSÉ VICENTE DE INÉS para celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

No asisten e non xustificaron a súa ausencia os /as Srs. /Sras. Concelleiros /as D. ISAURO PÉREZ GONZÁLEZ; D. ADOLFO LOSADA CALLEJA; D^a NOA ÁLVAREZ PÉREZ; D. AGUSTIN RODRIGUEZ RODRIGUEZ e D^a JULIA CARAZO RODRIGUEZ.

Asiste como Secretaria, e dá fe do Acto, a do Concello, M^a Milagros Calvo Carballo.

No expediente da sesión consta informe de Secretaría-Intervención nº rexistro de entrada 617/23.05.2012.

Aberta a sesión pola Presidencia, váise a tratar e resolver o único asunto da "orde do día":

ÚNICO.-NOTA DE REPARO DE INTERVENCIÓN Nº 2/2012 :

A Alcaldía abre a súa intervención para manifestar que o obxecto deste Pleno é decidir se na contratación proposta pola Alcaldía dun chofer de maquinaria se pode salvar o contido do Decreto 20/2011 no que se fundamenta o reparo da intervención .

Por outra banda, comprende decidir se o servizo de desbroces se pode considerar esencial. Di, que él entende que si, porque a contratación de persoal se fai con subvencións e fundamenta a súa decisión na circular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 30 de xaneiro de 2012 interpretativa dos artigos, 2,3 e 4 do RD Lei 20/2011 que di que "..... o persoal subvencionado debería entenderse excluído da prohibición de contratar persoal laboral temporal do artigo 3.dous , en todo caso, se o financiamento da contratación é integro,..... "

Neste caso, engade, concorre que a contratación se fai con subvención da Deputación Provincial e da Consellería de Medio Rural e aínda sobraían uns cincocentos euros. Como consecuencia disto, considera a Alcaldía que pode contratarse un chofer e será o Pleno o que ten que decidir se a limpeza e desbroce dos camiños é, ou non, un servizo esencial.

Abre a quenda de intervencións.

O Sr. Concelleiro D. Manuel José Vicente de Inés di que él non vai opinar porque considera que a contratación de persoal é competencia única do Alcalde e é a Alcaldía quen ten que decidir.

A Alcaldía dílle que lle gustaría saber a súa opinión e que pola banda do concelleiro socialista se producira un voto favorable, e que, en calquera caso, determinar se é o servizo esencial; e que, o Sr. Concelleiro socialista entendera a esencialidade deste servizo.

O Sr . Domingo Diéguez González di que levan un mes de retraso na prestación deste servizo aos veciños e que neste momento só fai falla manter a calma e que a Alcaldía debe reflexionar sobre se o están asesorando ben ou lle están botando a cambadela con lagoas informativas que non sabe se son intencionadas ou non e que agora hai que votar e porse a traballar .

A Alcaldía dí que se somete a votación a esencialidade do servizo para a contratación dun chofer de maquinaria para desbroce dos camiños municipais.

Producese a votación que presenta o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: CINCO dos /das Srs. /Sras. Concelleiros/as do grupo ATI.

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: UNHA do Sr. Concelleiro socialista

A Alcaldía di que queda aprobada a esencialidade do servizo.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia erguese a sesión, ás dezanove horas corenta minutos , do que eu, como Secretaria, certifico e dou fe.



Asdo.-Francisco José Fernández Blanco



Asdo.- Mª Milagros Calvo Carballo